



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Portomarín para a execución das obras do proxecto denominado “mellora do abastecemento ao núcleo de León. Portomarín (Lugo)”

1.- A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre outras competencias, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle a esta entidade a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos concellos e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta. No mencionado ámbito material, constitúe un dos nosos obxectivos a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos.

2.- No Concello de Portomarín o núcleo de León ten problemas relacionados co subministro de auga. debéndose garantir a demanda dos veciños no menor tempo posible. Na actualidade abastécese da captación principal do concello, pero esta resulta insuficiente e existe risco de desabastecemento para a poboación dese núcleo.

Para solucionar este problema, o Concello de Portomarín ten previsto reforzar o sistema de abastecemento do núcleo de León coa inclusión do depósito de Recelle e coa ampliación da rede de distribución, mediante a execución dunha condución principal de distribución de auga, que terá unha lonxitude aproximada de 687,87 metros.

3.- Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Portomarín un convenio de colaboración que terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1.1.2021 e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2022. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas no convenio.

4.- O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Portomarín que permitan ao concello acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para a mellora do abastecemento no núcleo de León, así como a súa explotación, a súa conservación e mantemento.

5.- O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascende a trescentos sesenta e oito mil cento vinte e oito euros con vinte e cinco céntimos (368.128,25 €). Augas de Galicia financiará o 80% do importe total final da actuación ata un máximo de douscentos noventa e catro mil cincocentos dous euros con sesenta céntimos (294.502,60 €), con cargo á conta 6566 “Subvencións de capital a corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades::

2021: 73.625,65 €
2022: 220.876,95 €

6.- O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que a actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento ten por finalidade garantir o uso da auga en calidade e cantidade adecuada a todos os núcleos de poboación legalmente constituído e, no ámbito do saneamento e depuración, contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento e saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece





un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia.

A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o artigo 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

A estrutura das cláusulas do convenio é a seguinte: *Primeira.- Obxecto; Segunda.- Obrigas das partes; Terceira.- Réxime de financiamento; Cuarta.- Libramento dos fondos e réxime de xustificación; Quinta.- Titularidade das obras; Sexta.- Relación laboral; Sétima.- Comisión de seguimento; Oitava.- Natureza do convenio; Novena.- Vixencia do convenio; Décima.- Modificación do convenio; Undécima.- Extinción do convenio; Duodécima.- Protección de datos de carácter persoal; Décimo terceira.- Publicidade.*

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(documento asinado dixitalmente)

